

## CONVOCATORIA E BASES DA PROBA PARA UN CONTRATO FORMATIVO DE OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE LOCUTOR/A NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA SA.

---

### 1. OBXECTO

---

Selección de persoal para un contrato formativo de obtención da práctica profesional.

### 2. PUBLICIDADE

---

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)) nomeadamente en <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior, sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

### 3. CATEGORÍA LABORAL

---

A categoría engloba a todas aquelas persoas que posúen un completo dominio oral e escrito do idioma galego, calidade de voz, perfecta dicción e sentido expresivo. Posúen demostrados coñecementos para comunicar oralmente mediante a lectura dun texto, crear contidos informativos e literarios e poden, se é o caso, presentar emisións en espazos radiofónicos, reportaxes e transmisións e elaborar os documentos básicos para desenvolver o seu traballo.

### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

---

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

#### 4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter cumprido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle

sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/das españois, dos/as nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos/as nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito, así como as persoas descendentes e aos do/a seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os/as estranxeiros/as con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder a mesma categoría profesional a que se pertencía.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos Específicos:

4.2.1. Estar en posesión da titulación ou **grao de Xornalismo**. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4.2.2. Non poderán participar no proceso as persoas que tiveran experiencia profesional ou tiveran realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa, por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilite para a contratación.

4.2.3. Que non estivera contratado/a en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a un ano en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Que non estivera contratado/a na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a un ano, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

## 6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

---

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal) unha solicitude, segundo modelo do Anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado onde conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.1.5. Declaración xurada, segundo Anexo II, no caso de ter formalizado outro contrato de traballo, de diferente modalidade ao de prácticas onde conste que non realizou as tarefas da categoría convocada especificadas na presente convocatoria.

6.1.6. Certificación da vida laboral actualizada.

6.1.7. Para o caso de que tivese formalizado con anterioridade outro contrato en prácticas, un certificado emitido pola empresa no que conste a duración das prácticas, o posto de traballo desenvolvido e as principais tarefas realizadas.

6.1.8. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 4 ou superior.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o **19 de setembro**.

6.3. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.4. O tribunal publicará na páxina web de CRTVG <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego> a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación, e seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media. Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal). O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web de CRTVG.

4.2.4. O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberá concertarse dentro dos tres anos, ou dos cinco anos se se concerta cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos.

Así mesmo, as persoas aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.

## 5. TRIBUNAL

---

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Natalia Penas Varela (xefa do servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega) presidenta.
- María Solar Núñez (locutora da Radio Galega), vogal.
- Paulino Novo Folgueira (asesor lingüístico da CRTVG), vogal.
- Mercedes Blasco Zas (xefa do servizo de Formación e Xestión de Persoal), secretaria.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte ao principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incurso/as en ningún dos motivos de abstención previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de persoas participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranllo ao órgano que convoca.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que precisen adaptacións, poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargárase de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, con excepción da persoa que ostente a secretaría que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas ou algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

## 7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

---

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

Todos os exercicios realizaranse o día **30 de setembro** na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 9.30 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través de:

1. Proba tipo test de coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado CELGA 4 non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. Esta proba terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado CELGA 4, e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter cualificación de apto as persoas aspirantes deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. Se se dese o caso, a posesión do certificado CELGA 4 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

2. Proba teórica. Ponderarase cun máximo de 10 puntos.

A proba teórica consistirá nun cuestionario de actualidade composto por dez preguntas de resposta breve sobre actualidade institucional, política, económica, social, sanitaria, deportiva e cultural.

Esta proba terá unha duración de 15 minutos.

3. Proba práctica. Ponderarase cun máximo de 90 puntos. Os exercicios a desenvolver divídense en tres bloques:

3.1. Elaboración dun guión radiofónico (30 puntos)

Consistirá na redacción dun guión dun programa magazine xeralista ou especializado a partir de varios temas propostos, apoiados en varios teletipos e na redacción dun sumario para a presentación do mesmo nunha locución radiofónica en directo.

Esta proba terá unha duración de 60 minutos.

### 3.2. Locución radiofónica (50 puntos)

Consistirá na locución do sumario do programa magazine xeralista ou especializado elaborado na proba anterior (25 puntos). Nesta proba tamén se valorará o vocalismo, o consonantismo e a entoación (25 puntos).

Esta proba terá unha duración de 5 minutos, será gravada e terá carácter eliminatorio. Para superala será necesario obter en cada un dos dous exercicios a metade da puntuación máxima asignada.

### 3.3. Difusión dixital (10 puntos)

Consistirá na redacción da estratexia de publicación en web e nas redes sociais Facebook, Twitter e Instagram do contido principal do programa magazine elaborado na proba 3.1.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Para superar a convocatoria será necesario obter entre a proba teórica e práctica a metade da puntuación máxima asignada.

## 8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

---

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra cada un deses resultados provisionais no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal).

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

## 9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

---

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados/as no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dado pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:



- 1º. Aspirante de sexo feminino, nas categorías nas que se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 4º. Aspirante de maior idade.
- 5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

## **10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

---

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando as persoas que superaron o proceso.

## **11. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS**

---

O período de proba será dun mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dun ano.

## **12. PROTECCIÓN DE DATOS**

---

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folia de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándolles de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2024

  
**CRTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA

Víctor Tubío Villar

Director de Recursos Humanos

Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA



## ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO CONTRATO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL NA CATEGORÍA DE LOCUTOR/A
--

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Correo electrónico	
Teléfono	
Data de nacemento	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
	Curriculum vitae
	Fotocopia DNI
	Acreditación da titulación e nota media do expediente
	Certificado de discapacidade
	Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido
	Certificación da vida laboral actualizada
	Anexo III declaración de non ter realizado as tarefas
	Certificación da empresa (Só para os casos aos que se refire o punto 6.1.7)

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

## ANEXO II

### DECLARACIÓN XURADA

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, declaro que nos contratos de traballo que figuran no certificado da vida laboral non realicei as tarefas da categoría de \_\_\_\_\_ convocada pola CRTVG, que especifican na convocatoria.

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_.